

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O
CONCELLO DE CATOIRA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A
CELEBRACIÓN DA LXIV EDICIÓN DA ROMARÍA VIKINGA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Catoira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da LXIV edición da Romaría Vikinga.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que teña unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da



comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- O Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Romaría Vikinga.

A Romaría Vikinga pode definirse como unha festa popular de marcado carácter cultural. Unha ampla programación de actividades formativas e culturais, que comeza unha semana antes do Desembarco, complementan a vertente máis lúdica da festa.

Os obxectivos da festa son: fomentar a promoción turística do municipio, da comarca e da Comunidade Autónoma como motor da actividade económica, potenciar os recursos endóxeos e diversificar a oferta turística do municipio, difundir o papel desempeñado por Catoira na Historia de Galicia, dotando esta festa dun marcado carácter cultural que a distinga dentro do panorama festivo galego e fomentar a unión e a confraternidade entre pobos.

As actividades diríxense a tódolos habitantes do municipio e todas aquelas persoas interesadas en participar nelas. Nos concertos do Vikinsons congregáronse unhas 10.000 persoas, arredor de 800 persoas asistiron ao Xantar Vikingo e o Desembarco rexistrou un grande afluencia de público, achegándose ás 40.000 persoas. Nesta semana estímase que se achegaron a Catoira máis de 75.000 persoas, procedentes da nosa Comunidade, así como do resto de España e outros países, sobre todo, do norte de Europa.



Os actos previstos na programación da 64 edición da Romaría Vikinga desenvolverase entre o 28 de xullo e o 4 de agosto de 2024. A dramatización dun desembarco viquingo é o espectáculo central da festa, no que tres naves viquingas e uns 120 guerreiros rememoran os ataques a Catoira perpetrados polos normandos entre os séculos IX e XI. Este evento atrae cada ano a milleiros de persoas procedentes de dentro e de fóra das nosas fronteiras. Un dos drakkar que participan no desembarco chámase “Frederikssund”, en homenaxe á localidade danesa coa que Catoira mantén unha irmandade desde 1997.

No recinto histórico Torres de Oeste, declarado Monumento Histórico Artístico, celébrase cada primeiro domingo de agosto a Romaría Vikinga. Esta festa, que ten as súas orixes nos inicios dos anos sesenta, foi declarada de **Interese Turístico Internacional** no ano 2002.

Cuarto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Quinto.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.



Sexto.- Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Catoira unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

